A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

| | |
|---|---|
| **CAIXA**<br>Métodos, estudos/obras | Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley)<br>Snare Drum Rudiments (B. Rich)<br>Intermediate studies for the Snare Drum (M. Peters)<br>150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon)<br>Modern Rudimental Swing Solos (C. Wilcoxon)<br>Three Dances (Benson)<br>Five Snare Drum Solos (K. Reichelt) |

| | |
|---|---|
| | Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 6-7 |
| **TIMBAIS**<br>Métodos, estudos/obras | Fundamental Method for Timpani (Peters)<br>Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)<br>The Storm (Peters)<br>Rondino (Peters)<br>Flaming Forge (M. Roy)<br>Intermediate Studies for Timpani (Peters)<br>Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 5-6<br>Symphonic Studies for Timpani (N. Woud) |
| **MARIMBA**<br>Métodos, estudos/obras | Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens)<br>Marimba Flamenca (A. Gomez)<br>Yellow After the Rain (M. Peters)<br>Rain Dance (A. Gomez)<br>Generalife (E. Sejourné)<br>Furioso and Valse (E. Hatch)<br>Equidistant Mallets (W. Stadler)<br>Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 6-7 |

| | |
|---|---|
| | Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)<br>Nancy (E. Sejourné)<br>Etude in Mi menor (N. Rosauro)<br>Monogram (E. Kopetzki)<br>Ghanaia (M. Schmitt) |
| **VIBRÁFONO**<br>Métodos, estudos/obras | Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)<br>Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)<br>Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic)<br>Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)<br>Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1 y 2<br>19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)<br>Bee (E. Sejourné)<br>Mirror From Another (D. Friedman)<br>Blue Camp (B. Molenhof)<br>Three songs for vibraphone (E. Kopetzki) |
| ***SET-UP*** | Studies in Solo Percussion (M. Goldemberg)<br>Rondo (M. Peters)<br>Perpetual Motion (M. Peters) |

| | |
|---|---|
| | Morris Dance (W. Kraft)<br>Introduction and Waltz (M. Peters)<br>French Suite (W. Kraft)<br>Variaciones para cuatro toms (N. Rosauro)<br>Beat box (E. Kopetzki) |

3. 9 5º Curso de Grao Profesional

*3. 9. 1 Obxectivos 5º Curso de Grao Profesional*

**O5GP1.** Valorar a existencia de calidade sonora.

**O5GP2.** Controla-las diversas técnicas de agarre.

**O5GP3.** Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.

**O5GP4.** Valorar a importancia do traballo individual de calidade apra conseguir os obxectivos.

**O5GP5.** Interpretar en público un repertorio de obras pertenecientes a diferentes estilos, e en especial, cunha formación de percusión combinada.

**O5GP6.** Tocar en grupo sen director, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.

*3. 9. 2 Contidos 5º Curso de Grao Profesional*

**Caixa.** Redobre pechado, diferenciación clara dos matices, dixitacións de obras. Rudimentos.

**Timbais.** Afinación perfecta, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote correctos, traballo de dedos, zonas de golpe. Pases e cruces. Redobles ligados, curtos e fp.

**Marimba.** Independencia melodía/acompañamento. Movemento continuo: pivote, dobres laterais. Zonas de son nas láminas.

**Vibráfono.** Independencia melodía/acompañamento. Coordinación do apagado con maza e uso do pedal. O medio pedal.

**Xilófono.** Movemento continuo, dixitación, velocidade.

***Set-up.*** Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados. Coordinación, balance dos instrumentos, recheos, solos. Tocar con metrónomo (Claqueta) e / ou pregravados. Ritmos básicos.

**Pequena percusión.** Ritmos básicos.

**Repertorio orquestra/banda.** Traballo en coordinación co departamento de orquestra/banda.

*3. 9. 3 Obxectivos mínimos 5º Curso de Grao Profesional*

- Caixa: 5 estudos orquestrais/ 3 pezas rudimentais/1 obra.
- Timbais: 4 estudos/1 obra.
- Láminas: 3 pezas a 2 baquetas/3 obras a 4 baquetas.
- *Set-up:* 2 estudos/obras.
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.

3. 9. 4 Criterios de avaliación 5º Curso de Grao Profesional

**CA1.** Montaxe das pezas programadas e demostrar un control suficiente dos aspectos sinalados nos contidos do curso.

**CA2.** Autocrítica. Autonomía interpretativa mediante o control progresivo dos pasos a dar no estudio dunha partitura.

**CA3.** Conseguir un estudio de calidade mediante a análise das obras.

**CA4.** Tocar en público con soltura.

**CA5.** Mostras unha actitude responsable e de traballo fronte a clase.

*3. 9. 5 Recursos didácticos*

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

| | |
|---|---|
| **CAIXA**<br>Métodos/Estudos-obras | Snare Drum Rudiments (B. Rich)<br>Master Studies (J. Morello)<br>Accents and Rebounds (G.L.Stone)<br>Intermediate Studies for the Snare Drum (M. Peters)<br>Advanced Studies for the Snare Drum (M. Peters)<br>13 Studies for Snare Drum (E. Kopetzki)<br>14 Contest Solos for Snare Drum (J. Pratt)<br>Douce Etudes (J. Delecluse)<br>Caixa D'orquesta (M. Ramada) |

| | |
|---|---|
| | Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 7-8 |
| **TIMPANI**<br>Métodos/Estudos-obras | Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)<br>Intermediate Studies for Timpani (Peters)<br>Symphonic Studies for the Timpani (N. Wood)<br>Sonata for Timpani (J. Beck)<br>Seven Solo Dances (G. Frock)<br>Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 5-6 |
| **MARIMBA/XILÓFONO**<br>Métodos/Estudos-obras | Instruction Course for Xylophone (G.H. Green)<br>Modern School for Xylophone (M. Goldemberg)<br>Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens)<br>Etude Op. 6 No. 9 (C.O. Musser)<br>Frogs (K. Abe)<br>Ghanaia (M. Schmitt)<br>Choro Bachiano (N. Rosauro)<br>Etude 1 for Marimba (P. Smadbeck)<br>Etude in C Major Op. 6 No. 10 (C.O. Musser)<br>Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 7-8 |

| | |
|---|---|
| | Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)<br>Nancy (E. Sejournee)<br>Restless (O'Meara)<br>Xylophone Rags (G.H. Green)<br>Etude in AbMajor (C.O. Musser)<br>Rain Dance (Alice Gomez)<br>Tune for Mary'O (Rich O'Meara)<br>Marimba Meeting I (E. Kopetzki) |
| **VIBRÁFONO**<br>Métodos/Estudos-obras | Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)<br>Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)<br>Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic)<br>Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)<br>Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1<br>19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)<br>Mirror From Another (D. Friedman)<br>Blue Camp (B. Molenhof)<br>Blues for Gilbert (M. Glentworth)<br>Trilogy for Vibraphone (T. Huesgen) |

| | |
|---|---|
| | Viridiana (W. Shluter)<br>Two Latin Songs for Vibraphone (E. Kopetzki)<br>Ballade de Nala (P. Mendez) |
| ***SET-UP***<br>Estudos/obras | Perpetual Motion (M. Peters)<br>French Suite (W. Kraft)<br>English Suite (W. Kraft)<br>Dualités (A. Miyamoto)<br>Inspirations Diabolique (R. Tagawa)<br>Kaling (G. Siracusa)<br>Side by Side (M. Kitazume)<br>The Love of L'Histoire (J. Delancey)<br>Top-Tanz (E. Kopetzki)<br>The Art of Bop Drumming (J. Riley) |

3. 10 6º Curso de Grao Profesional

*3. 10. 1 Obxectivos 6º Curso de Grao Profesional*

**O6GP1.** Valorar a esixencia de calidade sonora.

**O6GP2.** Controlar as diversas técnicas de agarre.

**O6GP3.** Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.

**O6GP4.** Valorar a importancia do traballo individual de calidade para conseguir os obxectivos.

**O6GP5.** Interpretar en público un repertorio de obras pertencentes a diferentes estilos, e en especial, cunha formación de percusión combinada.

**O6GP6.** Tocar en grupos en directo, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.

**O6GP7.** Coñecer os aspectos didácticos necesarios para impartir clases de iniciación aos diferentes instrumentos.

*3. 10. 2 Contidos 6º Curso de Grao Profesional*

**Caixa.** Redobre pechado, diferenciación clara dos matices, digitación de obras. Rudimentos.

**Timbais.** Afinación, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote correctos, traballo de dedos, zonas de golpeo.

**Marimba.** Independencia melodía/acompañamento. Movemento continuo: pivote dobres laterais. Zonas de son nas láminas.

**Vibráfono.** Independencia melodía/acompañamento. Cooridnación do apagado con maza e uso do pedal. O medio pedal.

**Xilófono.** Movemento continuo, dixitación, velocidade.

***Set-up.*** Resolución dos problemas da combinación de instrumentos, matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados. Coordinación, balance dos instrumentos, recheo, solos. Tocar con metrónomo (claqueta) e/ou pregravados. Ritmos básicos.

*3. 10. 3 Obxectivos mínimos 6º Curso de Grao Profesional*

- Caixa: 5 estudos orquestrais / 3 pezas rudimentais / 1 obra.
- Timbais: 4 estuddos/1 obra.
- Láminas: 3 pezas a 2 baquetas / 3 obras a 4 baquetas.

- *Set-up:* 3 estudios/obras.
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.

*3. 10. 4 Criterios de avaliación 6º Curso de Grao Profesional*

**CA1.** Montaxe das pezas programadas e demostrar un control suficiente dos aspectos sinalados nos contidos do curso.

**CA2.** Autocrítica. Autonomía interpretativa mediante o control progresivo dos pasos a dar no estudo dunha partitura.

**CA3.** Conseguir un estudio de calidade mediante a análise das obras.

**CA4.** Tocar en público con soltura.

**CA5.** Mostrar unha actitude responsable e de traballo fronte a clase.

*3. 10. 5 Recursos didácticos*

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

| | |
|---|---|
| **CAIXA**<br>Métodos/Estudos-obras | Modern rudimental swing solos. Wilcoxon: páx. 20, 21, 26, 27<br>Avanced studies. M.Peters( pag: 1- 10)<br>13 Snare Drum Studies (E. Kopetzki)<br>Suite para caixa de S.Fink |

| | |
|---|---|
| | Doce estudios para tambor militar. J. Delécluse (1-5)<br>Concert Suit for Snare Drum (E. Kopetzki)<br>As pezas son orientativas. |
| **TIMPANI**<br>Métodos/Estudos-obras | Sonata (J.Beck)<br>Tribal Serenade (J. Beck)<br>Theme and Variations (M. Floyd)<br>Cultura física diaria do timbaleiro<br>Orchestral studies for timpani (N. Woud)<br>Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 7-8<br>As pezas son orientativas. |
| **MARIMBA**<br>Métodos/Estudos-obras | Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens)<br>Restless, Musser nº 9 e nº 10<br>Estudio nº 1 de P. Smadbeck<br>Two Movements for Marimba (T. Tanaka)<br>Virginia Tate (P. Smadbeck)<br>Rainbow (R. Oetomo)<br>The Art of Thangka (E. Uchiyama) |

| | |
|---|---|
| | Land (Takatsugu Muramatsu)<br><br>Hombre d'Août (E. Sammut)<br><br>Rhythm Song (P. Smadbeck)<br><br>Sara's Song (M. Burritt)<br><br>As pezas son orientativas. |
| **VIBRÁFONO**<br>Métodos/Estudos-obras | Kaleidoscopie (Arthur Lipner)<br><br>Crystal Mallet (Arthur Lipner)<br><br>Blues for Gilbert (Glentworth)<br><br>Mirror from another (D. Friedman)<br><br>As pezas son orientativas. |
| ***SET-UP***<br>Estudos/obras | French Suite (W. Kraft)<br><br>Dualités (A. Miyamoto)<br><br>Inspirations Diabolique (R. Tagawa)<br><br>Nomad (T. Gauger)<br><br>Side by Side (M. Kitazume)<br><br>The Love of L'Histoire (Delancey)<br><br>Top-Tanz (E. Kopetzki)<br><br>The Art of Bop Drumming (J. Riley) |

## 4. Metodoloxía

### 4. 1 Organización do tempo e do espazo

É importante que o alumno teña moi claro como será o ritmo, ou a rutina que sempre vai haber nas clases como o espazo no cal estas se van desenvolver: en canto ao tempo, tendo en conta que a especialidade que nesta programación tratamos, a de percusión, é unha especialidade con moitos instrumentos a traballar en cada clase, parece importante crear un hábito de clase no cal o alumno saiba perfectamente por qué instrumento comezar e rematar a clase. Por outra banda, tomarase con seriedade a entrada puntual e ordenada na clase, así como a orde ao dispoñerse para ela. Aínda que poida parecer pouco importante, se baquetas e partituras están preparadas aforrarannos tempo. Ao mesmo tempo, estamos a ofrecer ao alumno unha rutina a seguir: quentamento- técnica obra.

No que se refire a espazo, é importante que todo instrumento teña o seu sitio; para iso, faremos uso de estantes, caixóns e ganchos para situar todo tipo de instrumentos de xeito ordenado e doadamente localizables. Con isto, facilitaremos manter a orde na aula, tan importante para a impartición das clases e ao mesmo tempo, que á hora de utilizar o material para materias como música de cámara ou orquestra se faga o máis rápido e ordenadamente posible. Pódese dicir tamén que con este aspecto se pretenderá que o alumno adopte a orde como unha parte máis da súa función como percusionista.

4. 2 Principios metodolóxicos

Parece moi lóxico tratar a materia de percusión dende a interdisciplinariedade, tratando de unir contidos doutras materias coa nosa para homoxeneizar a aprendizaxe musical e non fraccionala.

Podemos nomear tamén a creatividade, deixando que o alumno aprenda creando, indagando; practicando a improvisación, onde faremos que o alumno se atreva a descrubrir partes da súa musicalidade aínda non exploradas.

A actividade propiamente dita parece o principio máis lóxico xa que neste tipo de materia, a práctica xoga un papel importantísimo e aprenderemos basicamente mediante ela. Trataremos sempre de motivar o alumno na práctica e intentar facer a materia o máis amena e atractiva posible, xa que a clase individual proporciona unha atención personalizada. Por este mesmo motivo, podemos utilizar a proximidade que isto nos dá para non ser meros profesores de música, ou mesmo de percusión, se non formar os alumnos en aspectos importantes como a tolerancia e o respecto, tanto na clase individual coma na de grupo (na que será máis aplicable, se cabe).

4. 3 Métodos didácticos

a) **Método de proxectos**: formularemos situacións de concertos nos que o alumno teña que se arranxar para conseguir instrumentos que deban ser construídos por el e así conseguir que o alumno se mentalice da súa responsabilidade e creza neste aspecto nun plano máis real que a clase.
b) **Método científico**: situaremos o alumno ante un problema como pode ser a exposición dalgún contido a tratar no cal el mesmo sexa o profesor e teña

que explicar e demostrar por que algo é así, co cal, afianzará a aprendizaxe xa que terá que buscar o xeito de explicalo e convencer a quen ten diante.

c) **Aprendizaxe por descubrimento**: sen proporcionar o contido a aprender, intentaremos que o alumno descubra se a información que lle damos é correcta. Con isto, estaremos a propiciar o sentido crítico, así como que o alumno estea seguro de por que han de facerse así as cousas.

4. 4 Modelo de aprendizaxe

Basearémonos na aprendizaxe significativa. O alumno irá descrubrindo que os contidos que vai adquirindo lle van servindo de ferramenta para adquirir os seguintes. Intentaremos en todo momento motivar o alumno (moi importante), facéndolle ver que é capaz de facer algo porque traballou outra cousa previamente. Por exemplo, na lectura a vista faremos ver o alumno que a aprendizaxe e razoamento das baquetacións (*sticking*) lle fai mellorar a súa lectura en rapidez e calidade.

4. 5 Profesorado

Sen dúbida, o labor do docente como comunicador é de gran importancia. Debemos pois, crear un ambiente distendido na clase para que o alumno se sinta sempre con confianza no profesor. Debemos poñernos na pel do alumno, intentar comprender a súa realidade e que nos vexan próximos; isto non significa en ningún momento que perdamos a seriedade, entendida como rigor e responsabilidade; pero está claro que canto máis confíe o alumno no seu profesor, mellores serán os resultados. É importante que o alumno nos vexa como un guía, non como o seu xuíz; transmitiremos ao alumno que a aprendizaxe é un proxecto común no que nós imos ser a súa mellor axuda e que todos os beneficios obtidos van ser para el, por

iso debe haber sempre diálogo e que o alumno poida observar a súa evolución e ser capaz de autoavaliarse. É obvio que o respecto ten que primar por ambas as dúas partes e propiciaremos a participación do alumnado sempre, tanto nas actividades propostas como para que se sintan parte do proceso e o centro, podendo suxerir ideas, propostas e opinións.

Fomentaremos o traballo en grupo para promover o coñecemento do alumnado mediante audicións ou exposicións grupais sobre temas previamente acordados. Teremos sempre presente a educación en valores, polo tanto, evitaremos as sancións negativas ante os fracasos e recoñeceremos sempre o éxito ante calquera avance.

4. 6 Contextos de aprendizaxe

Neste punto é importante ter en conta varias cousas:

- **Motivación.** Como xa dixemos no punto anterior, isto depende en boa medida do traballo que fagamos como docente, pero está claro que non somos os únicos protagonistas. Debemos ter en conta a súa relación coas outras materias xa que podemos influír de xeito moi positivo para que o alumno non só se centre no instrumento ou para que non se desentenda ou se sinta desmotivado con algunha materia. Pero tamén inflúe en boa medida o seu ambiente familiar, se realmente senten paixón pola música e consideran a aprendizaxe musical como algo importante; todo iso fará que o alumnado se sinta apoyado.
- **Condicionantes do estudo.** Trataremos de inculcar no alumno bos hábitos alimenticios, así como descanso regular, deporte e organización no estudio. Podemos tamén suxerir táboas de estudio para axudar ao alumno a

organizarse, así como estudar sempre á mesma hora, coidar a postura, aproveitar o tempo que se teña. Todos estes aspectos son determinantes no estudio, que ten o seu máximo efecto na continuidade e con eles podemos axudar positivamente o alumno.

**5. Atención a la diversidade**

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade. No plano educativo a diversidade esixe por parte do profesorado unha maior atención e esixencia.

É un feito que os alumnos que aceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais. Cando un profesor vai dar clase non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será súa a tarefa de adaptar a práctica docente ás necesidades características do alumnado.

5. 1 Criterios de atención á diversidade

Para dar resposta á diversidade desde a clase de percusión teremos en conta unha serie de criterios:

a) Traballar con materiais curriculares abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
b) Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
c) Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
d) Diversificar as actividades para lograr os obxectivos, é dicir, cando non se conseguen por un camiño buscar outro.

e) Personificar todo o posible a reposta educativa a certas deficiencias. f) Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
f) Fomentar a pedagoxía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar o seu proceso de aprendizaxe.
g) Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo. Un sistema que acolle, non soamente a os alumnos comúns, senón que tamén intenta dar unha resposta a todos eses nenos con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima do normal, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando.

Neste sentido a nosa programación musical intenta establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

5. 2 Alumnado con discapacidade

A LOE establece na Disposición Adicional segunda, punto 2: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, as devanditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.

## 6. Temas transversais

6. 1 Educación en valores

Tal e como contemplan as Leis Educativas, hai unha serie de contidos que deben estar presentes en todo o currículo, son os coñecidos como temas transversais. Claro está que cada profesor introducirá ao seu xeito con diferentes actividades e actitudes os diferentes temas transversais que máis se adapten á súa materia, co cal, nós esbozarémolos do seguinte xeito:

a) **Educación ambiental.** Xa comentamos anteriormente que considerabamos a posibilidade de facer un concerto con instrumentos de percusión feitos con materiais reciclados e con iso pretendemos plasmar a idea de concienciar os alumnos da importancia da reciclaxe. Así mesmo e relacionándoo coa música, falaremos da importancia do silencio en música, porque sen o silencio, o son non sería nada e viceversa; de aí a importancia da "non" contaminación acústica. Igualmente, podemos falar do silencio como norma básica de respecto cara ao que fala ou, no noso campo, ao que está a tocar.

a) **Educación para a saúde.** Podemos transmitir tamén que un bo coidado da nosa saúde repercutirá positivamente en todos os aspectos da nosa vida, tanto físicos como psíquicos. Non só debemos vixiar a nosa postura cando toquemos o instrumento e o mesmo coa respiración, son aspectos saudables aplicables a calquera aspecto da vida, aínda que tomemos como exemplo para a súa explicación o que máis inmediatamente nos concerne, que é a clase de instrumento.

b) **Educación para a paz e a tolerancia.** Parece inmensamente lóxico que no mundo de hoxe en día teñamos isto presente nun traballo no que temos que

educar. Factores como a cantidade de violencia que vemos e vivimos diariamente ou a crecente mestura racial e cultural son razóns máis que suficientes para que xa dende a aula, todos nos respectemos, aceptemos e intentemos desempeñar a nosa función o mellor posible; isto significa desenvolvemento social do alumno e tolerancia coas diferentes ideas que poidan xurdir (sobre todo nunha clase de grupo). Neste apartado a percusión é moi integradora xa que se tocan instrumentos de moitas culturas, sobre todo na percusión de man. Aquí podemos suxerir a visualización dun vídeo onde se fale de instrumentos doutras culturas.

6. 2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Será o noso deber dende a aula propiciar un bo uso delas como complemento da aprendizaxe. Encomendaranse pequenas tarefas de investigación acerca dos compositores que se estean a tocar, así como pequenos monográficos sobre familias de instrumentos ou a historia mesma da percusión, a percusión na orquestra. Con iso estaremos a levar ao alumno a facer un bo uso de Internet ou bibliografía diversa. Debemos acender no alumno a lapa de "querer saber", da inquietude, porque non todo está na aula e hai que complementarse con moitas outras pólas da arte e do saber. Dentro deste apartado tamén debemos ter en conta a enorme importancia que ten para un estudante de música o propio feito de escoitar música, polo que se instará ao alumno a que bucee na rede para atopar referencias musicais que teñan que ver co material que se está a tratar na aula. Farase uso de reprodutores de audio coma mp3 ou reprodutores de cd cando se traballen pezas con acompañamento (play along) de música pregravada.

## 7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

### 7. 1 Actividades do departamento de percusión

O Departamento de Percusión organizará como mínimo dúas audicións, tanto de aula como no auditorio do centro, ao longo do curso nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o seu profesor/a titor/a lle asigne sexa en grupo ou como solista. (Se as medidas sanitarias o permiten).

### 7. 2 Actividades extraescolares

O alumnado de Percusión terán o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades extraescolares que se leven a cabo dende o Departamento de Percusión, tales como cursos, seminarios, asistencia a concertos, visitas didácticas, intercambios con outros centros... etc. (Se as medidas sanitarias o permiten).

## 8. Procedemento de avaliación

A avaliación terá dúas vertentes:

- **Avaliación continua.** O profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas, en total tres ao longo de todo o curso, as cales deberán ser xustificadas, o/a alumno/a perderá o dereito a avaliación continua. Suporá o **80%** da nota.
- **Avaliación puntual.** Nas audicións e concertos de alumno onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado e o comportamento do alumno nestes eventos. Suporá o **20%** da nota, sempre que o alumno curse a avaliación continua.

Para a superación de cada curso, estes presentan unha serie de obxectivos mínimos que haberá que completar.

8. 1 Criterios de cualificación

Tanto no grao elemental coma no grao profesional, dentro de cada vertente de avaliación seguiranse 3 tipos de criterios valorados da seguinte maneira:

- **Criterios técnicos** (técnica, traballo, hixiene postural, etc.) **40%**.
- **Criterios estéticos** (interpretación, son, resultado musical, etc.) **40%**.
- **Criterios actitudinais** (actitude, interese, comportamento, disciplina, progreso, rendemento, etc.) **20%**.

8. 2 Falta de asistencia

Establécense dous tipos de faltas: xustificadas e sen xustificar. O profesor/a titor/a (profesor/a de instrumento) será o responsable de controlar as faltas (admitindo ou non a súa xustificación).

* Non se poderá superar o número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa no trimestre, ou no total do curso. O número máximo de faltas será o que considere a directiva.

## 9. Probas de acceso

9. 1 Probas de acceso 1º Curso de Grao Profesional

*9. 1. 1 Contidos proba de acceso*

Aplicaranse os mesmos que no curso 4º de Grao Elemental, xa que é o curso previo á proba.

A realización da proba consistirá na interpretación de tres pezas de diferentes instrumentos (a escoller entre as obras que se mostran nos recursos didácticos

propios do curso), debendo ser de carácter obrigatorio a caixa e un instrumento de láminas. O terceiro instrumento a interpretar poderá ser timbal, batería ou multipercusión.

Unha das tres pezas, a escoller polo alumno, deberá ser interpretada de memoria. O tribunal poderá facer unha pequena proba de lectura a primeira vista.

Exemplo de repertorio para a proba de acceso:

- Caixa:
- Láminas:
- *Set-up*:

*9. 1. 2 Criterios de avaliación e cualificación*

- Repertorio presentado (dificultade do mesmo), **25%** da cualificación.
- Dominio técnico do instrumento (movemento, corrección técnica, velocidade, dixitación, etc.) amosado nas obras presentadas, **25%** da cualificación.
- Calidade sonora (afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, etc.) amosado nas obras presentadas, **25%** da cualificación.
- Calidade interpretativa (conexión co acompañamento, fraseo, expresividade, corrección rítmica e de tempo, planos sonoros, etc.) amosado nas obras presentadas, **25%** da cualificación.

9. 2 Probas de acceso a outros cursos.

*9. 2. 1 Contidos acceso 2º Curso de Grao Elemental*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: A escoller entre as 5 últimas do Volumen I de M.Jansen, Snare Drum… 1, 2 de E. Kopetzki, Snare Drum Studies vol I de S. Fink.
- Timbais: A escoller entre as 5 últimas do Volumen I de M.Jansen.
- *Set-up:* Estudos Progresivos de Multipercusión de S. Pelejero (1-9), Dinos Dance de E. Kopetzki.
- Láminas: A escoller entre as 5 últimas do Volumen I de M.Jansen, Funny Mallets de N. J. Zivkovic.

Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 2 Contidos acceso 3º Curso de Grao Elemental*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: A escoller entre as 5 últimas do Volumen II de M.Jansen, Drum… 1, 2 de E. Kopetzki, Snare Drum Studies vol 1 de S. Fink.
- Timbais: A escoller entre as 5 últimas do Volumen II de M.Jansen.
- *Set-up*: Estudos Progresivos de Multipercusión de S. Pelejero, Dinos Dance de E. Kopetzki.
- Láminas: A escoller entre as 5 últimas do Volumen II de M.Jansen, Funny Mallets de N. J. Zivkovic.

Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 3 Contidos acceso 4º Curso de Grao Elemental*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: A escoller entre as 5 últimas do Volumen III de M.Jansen, Snare Drum Studies vol 1 de S. Fink, Flaming Snare de E. Kopetzki.
- Timbais: A escoller entre as 5 últimas do Volumen III de M.Jansen.
- *Set-up*: Estudos Progresivos ded Multipercusión de S. Pelejero, Fata Morgana de E. Kopetzki.
- Láminas: A escoller entre as 5 últimas do Volumen III de M.Jansen, Funny Mallets de N. J. Zivkovic (VIII, IX, XI, XIII y XIV).

Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 4 Contidos acceso 1º Curso de Grao Profesional*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: A escoller entre os 5 últimos estudos do método IV de Jansen, Snare Drum Studies vol 1 de S. Fink (63-80).
- Timbais: A escoller entre os 5 últimos estudos do método IV de Jansen.
- *Set-up:* Estudos Progresivos de Multipercusión de S. Pelejero (24-27), Fata morgana de E. Kopetzki.
- Láminas: A escoller entre os 5 últimos estudos do método IV de Jansen, Play Percussion 50 short pieces for tuned percussion de K. Bartlett, Funny Mallets N. J. Zivkovic.

Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 5 Contidos acceso 2º Curso de Grao Profesional*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: A escoller entre as 5 últimas do Volumen V de M. Jansen, Intermediate Studies for Snare Drum de M. Peters.
- Timbais: A escoller entre as 5 últimas do Volumen V de M. Jansen, 6 estudos de Graded Music for Timpani Graded 3-4 de I. Wright.
- *Set-up:* Etude #2 for Two Toms & Snare Drum de M. Peters, Beat Box de E. Kopetzki.

- Láminas: A escoller entre as 5 últimas do Volumen V de M. Jansen, Baobab de E. Kopetzki, Graded Music for Keyboard Percussion Book II de K. Hathway.

  Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 6 Contidos acceso 3º Curso de Grao Profesional*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: A escoller entre as 5 últimas do Volumen VI de M.Jansen, Intermediate Studies for Snare Drum de M. Peters.
- Timbais: A escoller entre as 5 últimas do Volumen VI de M.Jansen, 3 estudos do Graded Music for Timpani de I. Wright.
- *Set-up:* Rondo de M. Peters, Beat Box de E. Kopetzki.
- Láminas: A escoller entre as 5 últimas do Volumen VI de M.Jansen, Marimba Joy Vol. I de E. Kopetzki.

  Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 7 Contidos acceso 4º Curso de Grao Profesional*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: Intermediate Snare Drum Studies de M. Peters, Modern Rudimental Swing Solos de C. Wilcoxon.
- Timbais: 5 estudos do Graded Music for Timpani de I. Wright.
- *Set-up:* Introduction and Waltz de M. Peters.
- Marimba: Marimba Joy (Vol. I-II) de E. Kopetzki, Yellow after the Rain de M. Peters, Graded Music for Keyboard Percussion Book III de K. Hathway.
- Vibráfono: Dampening and Pedaling de D. Friedman (1-4).

Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 8 Contidos acceso 5º Curso de Grao Profesional*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: Intermediate Snare Drum Studies de M. Peters, Modern Rudimental Swing Solos de C. Wilcoxon.
- Timbais: Graded Music for Timpani Book 5-6 de I. Wright.
- *Set-up:* Groove Yard de E. Kopetzki, Nomad de T. Gauger.

- Marimba: Vol. 1 e 2 de Marimba Joy de E. Kopetzki, Tecoma de W. Städler, Dance of the Witches de E. Kopetzki, Galactica de M. Peters, Furioso & Vals de E. Hatch.
- Vibráfono: Three Songs for Vibraphone de E. Kopetzki.

Valorarase:

- Técnica.
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 9 Contidos acceso 6º Curso de Grao Profesional*

No exame interpretaranse tres piezas con diferentes instrumentos, escollidas entre as que se indican a continuación.

Obras orientativas:

- Caixa: Intermediate Snare Drum Studies de M. Peters, 13 Studies for Snare Drum de E. Kopetzki.
- Timbais: Graded Music for Timpani Book 5-6 de I. Wright.
- *Set-up:* The Love of L'Histoire de C. Delancey, Dualités de A. Miyamoto.
- Marimba: Etude in C major Opus 6, nº 10 (C. O. Musser), Ghanaia de M. Schmidt, Tune for Mary'O de R. O`Meara, Marimba Meeting I de E. Kopetzki.
- Vibráfono: Two Latin Songs for Vibraphone de E. Kopetzki, Ballade de Nala de P. Mendez, Mirror from Another de D. Friedman, etc.

Valorarase:

- Técnica.

- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura Construcción estética e estilística na interpretación.
- Lectura correcta da partitura.

*9. 2. 10 Criterios de avaliación e cualificación*

**CA1.** Realizar unha interpretación musical de calidade acorde ás esixencias da proba.

**CA2.** Presentar un programa coherente en relación aos contidos expostos.

**CA3.** Interpretar un programa que presente obras de diferentes épocas e/ou estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

9. 3 Probas extraordinarias

*9. 3. 1 Avaliación alternativa*

No caso de acadar máis de 3 faltas no trimestre, o/a alumno/a terá dereito á realización dunha proba na que deberá de presentar a totalidade do programa do trimestre ou do curso, de ser o caso.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, será realizada ante o/a profesor/profesora de percusión. O/A alumno/a interpretará as pezas escollidas polo profesor titor de entre as da programación de dito trimestre ou curso, e entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Contido das probas:

- 1º a 4º curso de Grao Elemental: 1 obra, estudo de marimba dos baquetas, 1 estudo/obra de caixa, 1 de *set-up* ou batería, seguindo a lista de obras de referencia para o curso correspondente.

- 1º Curso de Grao Profesional: 1 obra de marimba (2 baquetas) o 1 de marimba (4 baquetas), 1 de timbais, 1 de *set-up* e 1 de caixa, seguindo a lista de obras de referencia o curso.
- 2º Curso de Grao Profesional: 1 obra de marimba (2 baquetas), 1 de marimba (4 baquetas), 1 de timbais, 1 de *set-up* e 1 de caixa, seguindo a lista de obras de referencia para o curso.
- 3º a 6º Curso de Grao Profesional: 1 obra de marimba (2 baquetas), 1 de marimba (4 baquetas), 1 de timbais, 1 de *set-up*, 1 de vibráfono y 1 de caixa, seguindo a lista de obras de referencia o curso.

*9. 3. 2 Criterios de cualificación*

A cualificación final do alumno/a será a media aritmética da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados:

- Técnica (**35%** da nota final)
- Realización do fraseo, a agóxica e dinámica específicas da partitura (**35%** da nota final).
- Construcción estética e estilística na interpretación (**15%** da nota final).
- Lectura correcta da partitura (**15%** da nota final).

*9. 3. 3 Convocatoria extraordinaria de xuño*

A convocatoria extraordinaria de xuño para quen non cumpra os obxectivos do curso consistirá na presentación por parte do alumno da totalidade das pezas que lle faltaron para completar a programación oficial para este curso e que virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo profesor titor.

O examinador ou examinadores escollerán de entre estas pezas como mínimo unha de cada instrumento e realizarán unha proba que durará entre 20 e 30 minutos.

Do mesmo xeito, o alumno debe presentar unha obra de entre estas, como mínimo, de memoria, que será de libre elección.

*9. 3. 4 Criterios de cualificación*

Neste caso os criterios de cualificación virán dados ao **100%** pola execución técnica e interpretativa desempeñada na proba.

9. 4 Acceso a outros cursos

No caso de haber alumnos que queiran acceder a outros cursos, estes deberán preparar a totalidade da programación do curso inmediatamente inferior ó que opten. O resto do proceso será igual ó exposto para a proba de xuño.

*9. 4. 1 Criterios de cualificación*

Neste caso os criterios de cualificación virán dados ao **100%** pola execución técnica e interpretativa desempeñada na proba.

9. 5 Ampliacións

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, conforme a criterios obxectivos, á súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquela o que aspire a acceder.

É requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a adquisición de todos os obxectivos requiridos pola programación do curso que

quere superar. O alumno interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor/tutor de entre as da programación de dito curso, e entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

*9. 5. 1 Criterios de cualificación*

Neste caso os criterios de cualificación virán dados ao **100%** pola execución técnica e interpretativa desempeñada na proba.